



PROBA DE APTITUDES MUSICAIS PARA ACCEDER Ó 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

Esta proba non presupón coñecementos musicais.

CONTIDOS

- **Test rítmico** (10 ítems – 40% da nota final): O profesor tocará cun lápiz ou instrumento de pequena percusión unha fórmula rítmica e o aspirante terá que repetila exactamente igual.
- **Test de entoación** (10 ítems – 40% da nota final): O profesor cantará un movemento melódico e o aspirante terá que repetilo coa súa propia voz.
- **Test de psicomotricidade** (5 ítems – 20% da nota final): O profesor realizará exercicios con alternancia das dúas mans; exercicios con alternancia de mans e pes e exercicios con percusión corporal que o aspirante terá que repetir.
 - Todos os test realizaranse por imitación, insistindo na marcha regular do pulso.
 - Ningún test será eliminatorio.
 - Os contidos dos test están adaptados ás diferentes idades dos alumnos e o alumnado con necesidades educativas especiais.
 - A proba cualificarase de forma global e numérica de 1 a 10 puntos, debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.
 - Cualificarase ata un decimal.



CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA AS PROBAS DE INGRESO A 1º GRAO ELEMENTAL

Aínda que non existe unha coincidencia de criterios á hora de demostrar cientificamente a natureza das aptitudes musicais, é evidentemente que as aptitudes rítmicas e auditivas son básicas e esenciais para progresar na interpretación musical. Por outra parte, parecen as máis axeitadas para realizar unha valoración obxectiva das condicións que o neno posúe por natureza.

A proba está baseada en exemplos de imitación rítmica e melódica, ademais de coordinación motora.

En cada un dos exercicios establécese unha orde de dificultade de progresións para facilitar unha mellor matización nas valoracións dos resultados.

Terase en conta a precisión rítmica e a regularidade do pulso, así como a entoación e a afinación nos exemplos melódicos.



NORMAS XERAIS

1º- O alumno/a fará unha preinscrición, seleccionando un instrumento.

2º- Adxudicación de instrumento:

- a) Despois de realizar a proba de aptitude, adxudicaranse as prazas, por especialidade, aos alumnos/as que acadaran de nota media como mínimo un cinco, sempre de maior a menor puntuación. É dicir, cada alumno/a colocarse por orde de puntuación **na especialidade elixida**. En caso de que dous alumnos obteñan a mesma puntuación, terá preferencia o alumno de menor idade.
- b) Os alumnos/as con necesidades educativas especiais que aprobaron a proba de acceso pero que non obtiveran praza, quedan convocados/as a unha reunión para o día 28 de Xuño ás 18:30 horas no auditorio do conservatorio, onde se lles ofrecerán as prazas da quenda especial que non foron cubertas. No caso de que algunha das prazas ofertadas na quenda especial quedase deserta, automaticamente será ofertada na quenda libre.
- c) Os alumnos/as de quenda libre aprobados que non obtiveran praza, quedan convocados/as a unha reunión para o día 28 de Xuño ás 19:00 horas no auditorio do conservatorio, onde se lles ofertarán as prazas das especialidades que non foron cubertas.
- d) Os alumnos aprobados sen praza que non acudan a dita reunión pasarán a unha lista de espera na especialidade instrumental solicitada, ordenada segundo a puntuación obtida na proba de aptitude.
- e) Os alumnos que obtiveran praza deberán formalizar a matrícula para o vindeiro curso 2012-2013 dende o 28 de xuño ata o 6 de xullo.